

**Asunto.- XESTIÓN E COMUNICACIÓN DOS DÍAS DE VACACIÓNS E DÍAS DE LIBRE DISPOSICIÓN.**

Consonte o establecido no apartado 12.II.i) da *Resolución reitoral do 24 de xuño de 2010 de delegación de competencias* (DOG do 30), os/as xefes/as das distintas unidades administrativas teñen delegada a concesión de permisos e licenzas ao persoal de administración e servizos, entre outros supostos, no referido a vacacións e permisos por días de asuntos particulares.

Se ben e para evitar disfuncións entre esta previsión e o establecido no apartado sexto das *Instrucións sobre goce de vacacións e horario de verán 2010* (Resolución xerencial do 6 de maio) mantívose ata o de agora o procedemento nelas regulado, infórmase que a partires deste momento as persoas titulares das distintas unidades deben exercer o control sobre as vacacións e os días de asuntos particulares, sen que sexa necesario comunicalas ao Servizo de PAS, agás o previsto sobre a competencia da Xerencia para requirir información ao respecto.



Vigo, 7 de decembro de 2010

O VICEXERENTE DE RECURSOS HUMANOS,

  
Emilio Martínez Rivas

SRES./AS. VICERREITORES/AS  
SRA. SECRETARIA XERAL  
SR. PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL  
SR. PRESIDENTE DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS  
SRES./AS. VICERREITORES/AS.  
SRES./AS. XEFES DE SERVIZOS E DTOR. DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA  
SRES./AS. ADMINISTRADORES DE CENTROS E CAMPUS  
SRES./AS. DOUTRAS UNIDADES